

O NENO GROBA E MÚSICA

Unidade Didáctica



O NENO GROBA E MÚSICA

LIMIAR	3
O NENO GROBA E MÚSICA EN ESCENA	4
UNS TIRANTES VERDES	6
UNHA GORRA PARA BANDA	7
UNHA FRAUTA	9
UNHA BATUTA	12
UNHA CHAQUETA AMARELA	15
O NENO GROBA NA FUNDACIÓN GROBA	16
TRABALLANDO CO GLOSARIO	20

LIMIAR

Para a UNESCO, as industrias culturais e creativas serían aqueles sectores que teñen como obxectivo principal a produción ou a reprodución, a promoción, a difusión e/ou a comercialización de bens, servizos e actividades de contido cultural, artístico e patrimonial. E, en efecto, entre os sete grandes dominios que vén considerando a UNESCO están integradas presentacións artísticas e celebracións, nas que se incorporan as artes escénicas.

Non obstante, na consideración das artes escénicas como «industrias» non se teñen en conta en ningún momento as condicións en que os bens culturais se crean, distribúen e difunden, mediante uns procedementos que en ningún caso permiten un proceso de seriación propio do campo industrial. Nesa dirección, aínda segue vixente o coñecido estudo de William J. Baumol e William G. Bowen, *Performing Arts. The Economic Dilemma* (1966), onde se formulaba o principio do «cost disease», ou «fatalidade de custos», que afecta a moitas artes da representación ao vivo, en tanto na maioría dos seus procesos non se pode aumentar a produtividade nin reducir custos, pois para a realización dun determinado servizo non se poden poñer en marcha procesos de automatización industrial.

Un cuarteto de corda sempre vai precisar catro instrumentistas e catro instrumentos.....

O NENO GROBA E MÚSICA EN ESCENA: INFORMACIÓN PARA O DOCENTE

O proxecto escénico parte do audiolibro O neno Groba e Música, editado pola Fundación Rogelio Groba coa colaboración da Deputación de Pontevedra, escrito por Lidia Fraga, ilustrado por Julio Seijas, con música de Rogelio Groba interpretada pola Orquesta Sinfónica de Londres, a Banda Municipal da Coruña e a Orquesta de Cámara Galega.

A estrea levouse a cabo o 19 de novembro de 2021 no Auditorio Gabriel García Márquez de Oleiros como coprodución co Centro Dramático Galego e a colaboración da Fundación Paideia e a Orquesta de Cámara Galega.

Espectáculo de 50 minutos, música, palabra e imaxe da man dunha dramaturxia pura fantasía, acompañada dun mundo onírico cheo de luz e cores que nos levan á natureza e a música sublime que envolve todo cun aura chea de sentimento, pensada para todos os públicos cun dobre obxectivo:

- Lúdico: é unha obra chea de cambios, subidas e baixadas, brincadeiras e bágoas. A escena convértese nun lugar cheo de maxia na que os máis pequenos e os maiores pasan un rato nun mundo cheo de cores, música e historias divertidas.
- Pedagóxico: A obra é sen dúbida a mellor maneira de coñecer a vida e a obra do mestre Groba, do compositor galego que leva con orgullo a súa orixe e a demostra en todas as súas composicións. O neno Groba e Música é una obra que debería ser vista por todos os galegos e galegas, para coñecer unha parte moi importante do noso patrimonio cultural.

UNHA CHAQUETA AMARELA

As razóns que tivo o ilustrador para vestir a *O neno Groba* cunha chaqueta amarela estiveron baseadas no conxunto das ilustracións. Era amarela porque a gama cromática que imaxinou durante a lectura do texto de Lidia Fraga así o inspiraba. De feito, toda a imaxe que se creou na súa mente durante o proceso inicial de búsqueda creativa provocou un importante cambio no texto. Inicialmente, a personaxe de Música tiña o cabelo "da cor do lume na lareira" pero a petición de Julio Seijas, mudou á cor dos milicroques.

Un pequeno cambio na palabra abriu a porta a un mundo de verdes, azúis, púrpuras e morados, grandes contrastes de cores e texturas, formas e intensidade.

A forma de vestir ao neno ven por tanto determinada pola paisaxe imaxinaria e pola idiosincrasia do lugar. Marrón nos pantalóns como unha árbore enraizada no chan, na realidade e a chaqueta amarela, cor do sol e da primavera, da creación da natureza.

Trasladar o personaxe do conto á escena cun único actor supón un reto, non só interpretativo. É fundamental facilitar ao espectador cal dos catro Groba está vendo en cada momento e a chaqueta amarela é o que marca a diferenza entre a madurez do Groba adulto e o vello Groba en contraste con neno ou o xoven Groba.

A chaqueta, que no conto muda a americana sobria e abrigo longo cando o mestre Groba medra, en escena simplificámolo cunha simple chaqueta de pana amarela, que para o maior acompaña dunha bufanda e boina.

PARA TRABALLAR NA AULA:

- Plástica: Cores. Gama cromática. Cores complementarios. Cores da natureza galega e diferenzas coas cores da natureza no deserto, na tundra, na selva...



UNS TIRANTES VERDES

Si a chaqueta representa a madurez, o crecemento persoal e creativo do personaxe, os tirantes verdes representan a súa infancia. Camiseta branca, branca da inocencia dos nenos, branca como un papel enmarcada por dous liñas verdes que converten a camiseta un futuro pentagrama donde esas liñas convértense nas barras que sinalan os acordes.

Deste xeito, mudamos o aspecto ó neno, eliminamos a estrutura da chaqueta dando espazo para que o personaxe se converta nun lenzo en branco ao mesmo tempo que axudamos ao público, sobre todo o máis pequeno, a identificar as diferentes idades da figura de Groba.



PARA TRABALLAR NA AULA

- Música: Qué é un pentagrama? Qué é un acorde?

UNHA GORRA PARA A BANDA

Cando comenzamos a falar do vestiario, parecíanos moi importante levar un traxe de músico de banda moi espectacular:

Os músicos lucían orgullosos o uniforme de gala, unha casaca de botóns dourados e un chapeu con reberete, a xogo co repenico das mangas e dos pantalóns. Eu fantasiaba con pertencer á banda e levar ese uniforme algún día, cando fose maior. Imaxinábame tocando o requinto, o trombón ou o fiscornio; o bombo, o clarinete ou o saxo.



PARA TRABALLAR NA CLASE

- Música: Qué tipos de instrumentos hai? Coñeces algún instrumento de vento-madeira? E de vento-metal? Hai banda de música na túa cidade? E no pobo dos teus pais ou dos teus avós?

Con un único actor en escena, era un cambio moi difícil de facer porque requería deixar o escenario baleiro dúas veces. A solución foi o uso dunha gorra, o símbolo máis distintivo dunha banda. Como curiosidade, debo dicir que a utilizada foi unha do Exército Ruso, peza que forma parte da colección de Modesto Lombardía (director e fundador da compañía amateur de Salmonela Teatro).



A FRAUTA

Pero non tiña cartos para un instrumento de verdade, así que fixen uns buratos a unha cana para construír unha frauta travesa.

E pasaba os días tocando enriba do pelouro, ata que se poñía o sol.



A frauta travesa, un instrumento que pasa de ser unha pequena cana feita cun toxo,

A unha frauta de verdade que forma parte da colección do director da Orquestra de Cámara Galega, Rogelio Groba Otero.



Debutei nas festas de San Cibrao, tocando un frautín de cinco claves feito con madeira de buxo

A primeira fruta que tivo nas súas mans o mestre Groba, fíxoa él mesmo. En cada burato que perforou naquela cana deixou a impronta do seu talento escondido aínda, quedou marcada a súa vocación, sin coñecela ben del todo.

Aquela primeira fruta representa a súa pertenza a aquel entorno, as luces e sombras dunha aldea remota, na que a natureza, as veces doce e outras tantas dura, mostraba cada día e cada estación o mellor de si mesma.

Cando consegue a súa primeira fruta de verdade, en realidade un frutín de cinco chaves que o seu tío avó Perfecto Groba, Lorenzo, lle mercou, inicia tamén un camiño que encerra unha aprendizaxe. Ao longo da súa vida, o mestre Groba nunca deixou de aprender do seu entorno e sempre posuía a capacidade de aproveitar todas e cada unha das oportunidades que a vida foi ofrecéndolle a cada paso. O regalo do seu tío avó, as primeiras leccións do seu tío Eduardo, as clases do profesor Mónico García de la Parra en Vigo, aquela viaxe a Madrid como voluntario do Exército do Aire para poder estudar no Conservatorio Superior da capital, os traballos de director de diferentes bandas, a súa valentía mudando de país para iniciar unha vida en Suíza que tanto lle aportou, e tantas e tantas oportunidades que non deixou escapar para seguir aprendendo, para seguir crecendo como persoa, como director e compositor.

PARA TRABALLAR NA AULA

- Música e plástica: sabes construír unha fruta ou outro instrumento musical?



Tambor: Unir botes de patata (tipo Pringel) ou cacao con cinta de pegar e engadir unha para colgar. Con dous palos rectos facemos unhas baquetas.



Zampoña: Unir rotuladores que xa non pintan con diferentes tamaños. En Galicia hai un instrumento cun nome moi parecido, sabes cal é?



Castañolas: Un trozo de cartón e dúas chapas, e listo! Se queres melloralas, pon un cordonciño para meter os dedos.

Busca en internet coa axuda dos teus maiores máis instrumentos! Cántos atopaches?

UNHA BATUTA

A batuta que utiliza o personaxe, como na vida real, estaba feita cunha ramiña. Esa pequena peza de madeira que o mestre Groba utilizaba para xogar simboliza moito máis do que poida parecer. O feito de utilizar calquera rama atopada polos montes leva intrinsecamente toda unha simboloxía que en certo modo recolle dun xeito profundamente sensible o grande poeta portugués, Fernando Pessoa*:



Quando era criança

Viví, sem saber,

Só para hoje ter

Aquela lembrança

*02 de outubro de 1933



Aquela rama non abandona nunca o mestre Groba, ao longo da súa traxectoria. A súa inspiración compositiva ten a mesma raíz afincada na terra que a árbore da que saíu aquela ramiña que tantos sonos encheu cando era rapaz.

Mesmo, cando a batuta se converter nunha de verdade, segue sendo de madeira, como un símbolo da súa propia natureza.



PARA TRABALLAR NA AULA

- Música: O mestre Groba é un músico, compositor e director que compoñía inspirado en Galicia. Coñeces algún compositor que tamén se inspirase nos seus lugares de nacemento?
 - Bela Bartok: [Béla Bartók - Romanian Folk Dances for String Orchestra Sz.56 BB 68 - YouTube](#)
 - Manuel de Falla: [Manuel de Falla – Danza ritual del Fuego – Ritual Fire Dance - YouTube](#)
 - Jean Sibelius: [Sibelius Impromptu Op.5 - OCNE / N. Krauze - YouTube](#)

O NENO GROBA E A FUNDACIÓN ROGELIO GROBA

A Fundación Rogelio Groba foi fundada no ano 2002 en Ponteareas, onde tén o seu domicilio e donde naceu o mestre Groba no ano 1930, por tanto, cumprirá 92 anos e segue compoñendo.

Foi declarada Fundación de Interese Galego no 2003 polo Goberno da Xunta de Galicia.

No artigo primeiro dos Estatutos aparece reflectida a súa natureza de entidade sen ánimo de lucro:

ARTIGO 1. DENOMINACIÓN E NATUREZA

Ó abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución Española, coa denominación "Fundación Groba", constitúese unha organización de natureza fundacional, de interese galego, constituída sen ánimo de lucro, o patrimonio da cal estará afectado de xeito duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Asimesmo, no apartado relativo aos Fins, se define a intención de dar a coñecer e cuidar a obra e persoa do mestre Groba.

ARTIGO 6.- FINS

1.- A Fundación ten por obxecto a protección, estudio, cuidado e difusión da obra musical de Rogelio Groba Groba. A este fin poderá sumarse a promoción da «música culta» en xeral, mediante as actividades que se consideren oportunas en cada momento.

2.- O Padroado terá plena liberdade para determina-las actividades da Fundación, dentro dos seus fins, cara aqueles obxectivos concretos que, ó seu xuízo, sexan os máis axeitados ou convintes en cada momento. De calquera xeito, representará unha actividade de especial importancia a catalogación, estudio, edición, interpretación, gravación e difusión do patrimonio musical de Rogelio Groba Groba.

Por tanto, unha produción como O neno Groba cumpre todos os obxectivos marcados nos Estatutos da Fundación, buscando a difusión, promoción e divulgación da vida e obra do noso máis prolífico compositor, o mestre Rogelio Groba.

Mais información en:



rogeliogroba.es

Contacto

groba@fundacion.rogeliogroba.es

fernandaflores@orquestacg.com

TRAILER

<https://youtu.be/0GoBoJ1lI04>



Glosario



Amarellas

Amarellas


Flores amarelas ou brancas, con forma de tubo, que adoitan aparecer ao principio da primavera.

Amieiro

Árbore moi común nos ríos galegos. Algúns poden chegar a medir ata 20 metros! A súa madeira adoitaba usarse para facer zocas.

A rebato

Sabías que os diferentes sons das campás teñen distintos significados? Cando tocan a rebato advirten os veciños dun perigo.



Ávrego

Sabías que os ventos tamén teñen nome? Ademais do ávrego, existen o nordés, o siroco, a tramontana, o mistral...

Batuta

É unha vara coa que os directores dirixen as orquestras. Marcan o compás da música con ela, coas mans e cos brazos.



Berbequi

Berbequi

Ferramenta que usa o carpinteiro para facer buratos na madeira.

Bombardino

Instrumento musical de vento e metal, semellante á tuba. Tamén se chama así o músico que toca este instrumento.



Cometa

É unha enorme bola de xeo e po que xira arredor do sol, deixando un rastro chamado cola ou coma.

Druídas celtas

Os celtas foron un pobo que chegou á Península Ibérica hai uns 3000 anos. Os druidas eran os sabios da tribo.

Esmeril

Pedra que se usa para afiar as ferramentas, normalmente de cor escura.

Buxo

Arbusto de madeira dura. Cando alguén está san e forte, díse que é coma un buxo.

Clarinetista

Persoa que toca o clarinete, un instrumento musical de vento cunha palleta na embocadura.

Conservatorio

Lugar onde se estuda música ou danza.



Druida



Gramil

Ferramenta que usa o carpinteiro para trazar liñas rectas na madeira.

Ferreña



Ferreñas

Son as pequenas pezas metálicas que rodean a pandeireta. Ao movelas, producen o seu son característico.

Fiscornio

Instrumento musical de vento e metal, da familia do trombón e da tuba, pero coa campá cara adiante en lugar de cara arriba.



Forxa

Tamén se chama fragua. Pode referirse ao taller do ferreiro ou ao forno onde se quentan os metais.

Frauta travesa


Instrumento musical de vento. É un tipo de frauta que se toca de lado.

Frautín

É un instrumento musical de vento, moi semellante á frauta, pero de tamaño máis pequeno.

Mariola

Seguro que algunha vez xogaches... Pintanse as casas no chan e logo sáltanse á pata coxa. É moi divertido!



Mazurcas

Danzas típicas de Polonia.



Melindres

Doces feitos con manteiga, fariña, ovos e azucre. En Ponteareas son típicos os de améndoa. Están boísimos!

Milicroques

Flores con forma de dedal, de cor púrpura e branca.



Nébeda

É unha herba silvestre que se usa para darlle aroma ás castañas cando se cocen. Recende que dá gusto!



Notas

Coñeces todas as notas musicais? Son sete: do, re, mi, fa, sol, la, e si.

Panxoliñas


Cancións tradicionais de Nadal. Seguro que sabes algunha! Unha das máis coñecidas en galego é "Vinde ver o neno".

Pasodobres

Comezaron sendo marchas militares, para despois converterse en bailes populares.

Pentagramas

Conxunto de cinco liñas paralelas onde se escriben as notas musicais.



Requinto

Instrumento musical de vento, moi semellante ao clarinete, pero máis pequeno e de son máis agudo.



Samain


É unha festividade celta que se celebra do 31 de outubro ao 1 de novembro, na que é típico decorar calacús ou cabaceiras.

Valse

Baile orixinario de Austria. O máis famoso é "O Danubio Azul", composto por Johann Strauss (fillo) en 1866.

Zafra

Peza de ferro onde se traballan os metais.



Zafra

- Amarellas, milicroques: Cántas flores coñeces? De qué cores són? Tes flores na túa casa?
- Amieiro, Buxo: Cál é a arbore máis grande do mundo? Onde crece? Cál é a arbore máis abundante en Galicia e por qué non é bo que esté na nosa comunidade?
- A rebato: desde a túa casa, escoitas as campás dalgunha igrexa? Por qué tocan? Para que servían antes?
- Ávrego: hai moitos tipos de vento, sabes cómo se chaman?
- Batuta: marca o compás, pero qué é o compás?
- Composicións: Valse, Pasodobres, Panxoliñas, Mazurcas.... De dónde son? Se bailan igual?
- Notas, pentagramas: Cántas hai? Cáles son? Cómo se escriben? Cántas liñas ten un pentagrama?
- Ferramentas: Berbequí, esmeril, gramil, zafra,
- Instrumentos: Bombardino, clarinete, candeireta, fiscornio, frauta travesa, requinto, frautín,
- Xogos e festas: Samaín, Mariola,
- Historia: Druidas celtas. Qué era un druida? Quénes eran os celtas?

